

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) E A FUNDACIÓN MONTE DO GOZO PROXECTO HOME PARA PARA COMPLETAR O PROXECTO EXISTENTE DE XERACIÓN ELÉCTRICA AUTOSUFICIENTE MEDIANTE ENERXÍAS RENOVABLES

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director do Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

DECLARA:

Que esta entidade de dereito público ten previsto formalizar coa Fundación Monte do Gozo–Proxecto Home Galicia o instrumento convencional arriba referido cunha vixencia que abrangue dende o día da sinatura ata o 31 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto instalar na Comunidade Terapéutica situada no lugar de Cernadas, Portomouro, Val do Dubra, un sistema de baterías que complemente o proxecto instalado mediante un convenio anterior, co que se pretende lograr no dito centro a autosuficiencia enerxética mediante unha instalación fotovoltaica illada. Este sistema adicional de baterías fará posible almacenar os excedentes de xeración de enerxía nos meses de maior radiación solar, o que permitirá aumentar a autonomía da instalación nos días continuados de menor radiación solar do inverno.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte: dado o carácter experimental e demostrativo deste proxecto xunto coa evolución tecnolóxica que están experimentando as tecnoloxías de acumulación de enerxía cómpre facer un esforzo económico adicional para que o novo sistema de acumulación que se instale incorpore baterías con tecnoloxías de última xeración que ademais da función de acumulación, permita realizar un estudo comparativo dos parámetros de funcionamento das distintas tecnoloxías implantadas.



Que concorren na sinatura deste convenio razóns de interese público, social e económico, co fin de acadar obxectivos de aforro e eficiencia enerxética, de fomento do uso racional da enerxía e formación de profesionais nestas materias, estas actuacións realizaranse nunha entidade sen ánimo de lucro que ten como misión a atención e a mellora da calidade de vida dos mozos marxinados ou en estado de necesidade e de maneira particular aos toxicómanos proporcionándolle servizos de calidade e respectuosos co medio ambiente.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 7 de novembro de 2016

